

MAG/plc

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS
PROVINCIAIS DO DÍA 20/06/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Javier Tourís Romero en substitución de D. Roberto José Álvarez Carrero

D.^a Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela Lopez

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D.^a María Nava Castro Domínguez

D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D.^a Digna Rosa Rivas Gómez

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D.^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte de xuño do ano dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 7GOW67VKHI5PSTOO), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco por unanimidade.



2. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Orquestra Clásica de Vigo para poñer en valor a histórica conexión artística da música e do patrimonio no territorio tranfronterizo do río Miño no marco da segunda edición do programa: “Concertos ás beiras do Miño” (Expte. 2025023798)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, da aprobación do convenio de colaboración desenvolvido entre a Deputación de Pontevedra a Orquestra clásica de Vigo no marco do marco do desenvolvemento e a promoción da Cooperación Transfronteriza.

O obxectivo xeral deste convenio é o de poñer en valor a histórica conexión artística das dúas beiras do río Miño e o de ofrecer unha programación de concertos e actividades divulgativas abertas ao público, que contribúa á consolidación de audiencias entre o público deste territorio tranfronterizo. Preténdese, deste xeito, tecer unha ponte cultural a través da música de orquestra, escollendo espazos únicos das localidades fronteirizas e ofrecendo unha programación de concertos e actividades divulgativas que conecten co público deste territorio.

A actuación a levar a cabo consiste en realizar catro concertos, que se representarán nos meses de verán de 2025 nos concellos galegos de A Guarda e As Neves, e nas cámaras portuguesas de Melgaço e Caminha, e que se desenvolverán en repertorios de gran formato, ofrecendo catro concertos de orquestra sinfónica. As entradas aos concertos serán gratuítas, ate completar o aforo.

A dita acción englobase no marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área tranfronteriza do Miño, coa finalidade de mellorar o grao de integración territorial, e o atractivo e a promoción deste territorio.

A proposta de convenio de colaboración derívase da subvención nominativa recollida nas Base de Execución do Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2025, concretamente no Anexo II – Subvencións nominativas, 942 – Cooperación.

O importe das actuacións é de 25.000,00 €, e o financiamento provincial (100%) farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 25/942.9431.489.01 “A entidades sen fins de lucro, Coop. Transfronteriza_Cooperación”.



	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2025	25.000,00 €

Dito convenio aprobouse mediante Resolución Presidencial número RP2025004095 de 20/05/2025 (CSV: SD63M5HJ8O7ZSBZI)

A Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais queda enterada da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra a Orquestra clásica de Vigo para poñer en valor a histórica conexión artística da música e do patrimonio no territorio transfronteirizo do río Miño no marco da segunda edición do programa: "Concertos ás beiras do Miño".

3. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro para o desenvolvemento da segunda edición do encontro "A Rosegha unindo pobos", que se realizará os días 12 e 13 de xullo de 2025 no porto da Guarda (Expte. 2025019802)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, da aprobación do convenio de colaboración desenvolvido entre a Deputación de Pontevedra a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro no marco do marco do desenvolvemento e a promoción da Cooperación Transfronteiriza.

O obxectivo xeral deste convenio é financiar as propostas lúdicas e culturais vencelladas coa tradición marítima e fluvial que terán lugar entre o 12 e o 13 de xullo de 2025. Todo isto a prol da recuperación do patrimonio asociado á cultura naval e marítima.

O encontro de embarcacións tradicionais de 2025 ten como actividade principal a navegación de maquetas de embarcacións tradicionais de ambas beiras do Miño, así como doutros puntos da provincia de Pontevedra, nunha piscina especialmente deseñada e construída para tal fin. Estas navegacións, que serán diúrnas e nocturnas, irán acompañadas de explicacións e información sobre as características das embarcacións. Ademais, no encontro desenvolveranse outras actividades complementarias tales como obradoiros e exposicións.



A dita acción englobase no marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriza do Miño, co obxecto de contribuír a por en valor o rico patrimonio marítimo e fluvial galego-portugués, e a necesidade da súa conservación e protección.

A proposta de convenio de colaboración derívase da subvención nominativa recollida nas Base de Execución do Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2025, concretamente no Anexo II – Subvencións nominativas, 942 – Cooperación.

O importe das actuacións é de 11.500,00 €, e o financiamento provincial (100%) farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 25/942.9431.489.01 “A entidades sen fins de lucro, Coop. Transfronteiriza_Cooperación”.

	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2025	11.500,00 €

Dito convenio aprobouse mediante Resolución Presidencial número RP 2025004040 de 19/05/2025 (CSV: oTHZ9CX329HU9WVo)

A Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais queda enterada da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro para o desenvolvemento da segunda edición do encontro “A Rosegha unindo pobos”, que se realizará os días 12 e 13 de xullo de 2025 no Porto de A Guarda.

4. Moción do Grupo Provincial Socialista para esixir da Deputación que poña en marcha campañas de adopción e prevención do abandono de animais así como acometer obras de mellora e ampliación do Centro CAAN

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección e o benestar dos animais son unha responsabilidade compartida entre as administracións e a cidadanía. Neste sentido, o Centro de Acolida e Protección de Animais (CAAN), xestionado pola Deputación de Pontevedra, desempeña un papel fundamental na recollida e coidado dos animais abandonados na provincia.



Porén, os concellos que teñen asinados convenios co CAAN requiren un maior respaldo institucional para garantir a correcta aplicación da Lei 7/2023 de protección dos dereitos e o benestar dos animais. Esta normativa establece novas obrigas en relación cos animais domésticos, incluíndo o método CES (Captura, Esterilización e Solta) para o control das colonias felinas. Ademais, a lei contempla a necesidade de habilitar espazos axeitados para a recollida de gatos domésticos e colonias desprazadas por razóns urxentes.

A pesar da importancia da adopción como vía para garantir o benestar dos animais acollidos no CAAN, non se están a desenvolver campañas institucionais efectivas de concienciación e fomento da adopción animal. Tanto os cans como os gatos dependen da implicación social para atopar un fogar axeitado, e a falta de iniciativas neste ámbito limitou considerablemente as oportunidades de adopción. É preocupante que as únicas accións significativas realizadas nesta materia fosen aprobadas durante o anterior goberno, sen que se lle dera continuidade a novas iniciativas de sensibilización e apoio.

Os cans, ao igual que os gatos, sofren as consecuencias do abandono e da falta de recursos destinados ao seu benestar. A ausencia de campañas educativas sobre a tenza responsable, o compromiso que implica a adopción e os beneficios do vínculo humano-animal agrava a problemática. É imprescindible que a Deputación impulse programas permanentes que promovan a adopción de cans e gatos, asegurando que tanto a cidadanía como os concellos contén con información axeitada e cos recursos necesarios para mellorar a calidade de vida destes animais.

Amais das campañas para previr o abandono, fomentar as adopcións e concienciar sobre as esterilizacións, o anterior goberno da Deputación levou a cabo importantes obras de ampliación e melloras do Centro de Acollida e Protección de Animais.

Gracias as mesmas creáronse novas zonas cirúrxicas, habilitouse un espazo de maternidade confortable e seguro para as cadelas e os seus cachorros, creouse un área de socialización e amestramento, remodelouse a zona de corentena e hospitalización, mellorouse o espazo de clínica e creouse a primeira sala de raios X e un quirófano.

A estas obras de mellora sumouse a adquisición de novo material e maquinaria coa fin de que os profesionais poideran atender as necesidades dos animais alí acollidos da mellor maneira posible.

Malia a importancia que debería ter para calquera goberno a atención destes animais, o actual goberno da Deputación en dous anos foi incapaz de acometer ningunha mellora destas instalacións nin de poñen en marcha nin unha soa campaña de adopción ou prevención do abandono de mascotas.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. Que a Deputación de Pontevedra poña en marcha campañas para previr o abandono, concienciar sobre as esterilizacións e fomentar as adopcións responsables e permanentes que involucren a todos os animais domésticos incluídos na nova lei.



2. Que a Deputación acometa obras de mellora e ampliación das instalacións do CAAN así como a adquisición de novo material para a atención dos animais acollidos.

3. Reforzar o compromiso da Deputación cos concellos adheridos o CAAN garantindo os recursos suficientes para a aplicación da Lei 7/2023 de protección dos dereitos e o benestar dos animais.



Ana Laura Iglesias González

Voceira do Grupo Provincial Socialista ”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), e os votos a favor dos/das deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

5. Rogos e preguntas

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

